

**ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS), PARA DAR COBERTURA ÁS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN PREVISTAS NO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (DIAMONDS).**

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) formalizaron o 26.03.2026 a addenda arriba referida.

Que addenda fundaméntase no seguinte:

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, configúrao como un organismo autónomo de natureza administrativa para o desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde integran como un dos eixos estratéxicos da súa actividade institucional a promoción da investigación e da innovación biosanitaria.

Neste marco, a Axenda Estratéxica da I+D+i en Saúde de Galicia e a Estratexia Sergas 2030 establecen como prioridade impulsar a xestión do coñecemento e da investigación sanitaria, fomentando a captación de financiamento competitivo, a participación en proxectos internacionais e o liderado científico en redes colaborativas.

No marco do programa Horizonte 2020 da Comisión Europea, o Servizo Galego de Saúde participa como entidade beneficiaria no proxecto "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (DIAMONDS), liderado polo Dr. Federico Martín Torres. O obxectivo xeral do proxecto é desenvolver unha ferramenta innovadora baseada en perfís moleculares de ARN para mellorar o diagnóstico diferencial de infeccións febrís, permitindo así unha medicina personalizada e unha xestión clínica máis eficiente.

Con data 01 de decembro de 2025 subscribiuse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, ACIS e FIDIS, coa finalidade de dar cobertura ás actuacións de xestión previstas no proxecto de investigación DIAMONDS, sendo necesario garantir a cobertura dos custos derivados

da execución das tarefas encomendadas. asegurando o financiamento axeitado e conforme á normativa vixente.

Segundo o disposto no devandito convenio a achega económica de FIDIS ascende a 53.269,63€ anuais por cada facultativo/a especialista en Pediatría con perfil investigador. Dita achega poderá verse modificada no caso de actualización das táboas retributivas do SERGAS para facultativo/as especialistas en Pediatría, durante a duración do convenio.

Esta circunstancia requiriu dunha modificación na achega de FIDIS co obxecto de reflectir o custo real do gasto, e á súa actualización para o ano 2026, sendo que deste xeito, a través da addenda asinada modifícase a cláusula terceira do convenio suscrito o 01 de decembro de 2025, que pasa a ter a seguinte redacción.

*"Os fondos do proxecto DIAMONDS serán achegados no primeiro mes da anualidade desde FIDIS á conta que designe o Servizo Galego de Saúde. A achega económica anual de FIDIS ascende a 55.634,81€ (correspondente ao salario bruto) máis 19.822,59€ (correspondente á cota patronal), por cada facultativo/a especialista en Pediatría con perfil investigador."*

No texto da addenda recóllese así mesmo que a dita achega poderá ser incrementada no caso de que as táboas salariais sexan modificadas para as anualidades previstas para a duración do convenio.

Esta addenda non supón gasto algún para a Consellería de Sanidade nin para o Servizo Galego de Saúde. As tarefas de xustificación dos fondos serán facilitadas por todas as partes e coordinadas por FIDIS.

Tal e como se recolle na addenda asinada, o resto das cláusulas do convenio asinado o 01 de decembro de 2025 mantéñense inalteradas.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

